

A VARA

Non sempre estou de acordo co meu irmán Pepe, pero nunca, nunca deixei de admiralo. É o maior, á fin e ó cabo, e xa desde neno se lle vía a intelixencia. Se algunha vez lle tiven envexa pola súa fortaleza física, ou pola guitarra, ou polo axiña que lle saían os problemas -Deus me teña perdoado-, cónteseme como envexa noblemente sentida e amorosa, que non mancha.

Lembro unha vez que o meu pai nos levou a Lugo, ó San Froilán. Pepe e mais eu iamos de estrea: Pepe, propiamente falando; eu, case, case, pois vestía por primeira vez un traxe recén arranxado, que ó meu irmán lle quedaba raquítrico. Foron catro horas fermosas sobre a baca do vello ómnibus de Lisardo, xogándonos a vida por Pedrafita e Cruzul.

Resultou que Lugo era unha cidade grande e marabillosa. Eu, de neno, amaba pola Xeografía de Paluzié as cidades marabillosas e lonxanas, como Burgos e Constantinopla. De tal clase pareceume a min Lugo, volvo dicilo, cos seus ríos de xente marcada polo gozo da festa. Lástima que o noso pai, cerimonioso, se entretivese tanto na visita ós parentes. Había que saudar ód da rúa San Pedro, e antes ós de San Roque, preto do cuartel das Mercedes, onde nos deteriamos embobados, o meu irmán e mais eu, mirando para o sentinela.



Os parentes eran moi atentos; recibíronnos con agarimo. Advertía eu que os seus primeiros espaventos llos adicaban ó meu irmán, que estaba mozo e guapo, de verdade, cos ollos bailándolle de puro listo. Logo, de rexeito, non deixaban de chegarme a min o cumprido e maila caricia.

No feiral coñecemos ós curmáns doutra rama, de vínculo moi lonxano. Viñan desde os seus altos montes para vender xuntas e outros apeiros, e varas, moitas varas. Milleiros de varas, que parecían idénticas, chegaran á feira de Lugo, sen que a miña tenra intelixencia acadara a comprender a súa necesidade en tan gran número. Logo souben que servirían de aguilladas, pero había moitas máis varas que cabezas de gando na provincia, de modo que o sobrante vendíase dunha noutra, e cada feirante compraba a súa, e con ela andaba todo o día: uns, levándoa como distracción ou apoio; outros, para bromear e rebeirar ás mozas no traseiro.

Un tío noso, rudo e dexastrado, comía unha especie de touciño, cortándoo con na valla que empuñaba a súa man suxa. Debeume de ver cara de noxo; dixo que non bulise, pois só era carne de can sarnoso. Esaxeraba adrede, por facerme rabear, pois axiña comprendín que era carne simplemente de can. A min case me daban medo aqueles bornes, pero o meu irmán fixo boas migas con eles. O tío Xenaro regaloulle ó meu irmán a mellor



vara.

Despedímonos. O meu pai dixo de comer o polbo no que chaman A Mosquera. O día transcorría feliz para nós, con músicas e gaiteiros, ata que Pepe esqueceu a vara, non podía lembrar onde o meu irmán colléralle lei a aquela lanza de treixo, ou de abraira. Eu non acertaba a comprendelo, pero entristecíame ser testemuña da súa mágoa. Os tiovivos, a muller de dúas cabezas, o paxaro que adiviña o porvir... todo era aborrecido polo meu irmán, que quería a súa vara e nin se quera se conformaba con outra parecida.

Cando o sol se poñía polo parque, e comezaba a decaer o balbordo, e o noso pai escoitara xa a Negra Sombra, chegou o intre de dicir adeus á cidade.

Á nai non a esquecemos: na rúa da Raiña vendían os mellores doces. Foi na confiteiría de don Alejo Madarro onde aconteceu o increíble: o meu irmán, que non saía da súa tristura, pegou un brinco como se lle metesen unha perdigonada no rulé e correu a berros tras dun rapaz: «¡A miña vara!» ¡Que é a miña vara! «E era xustamente a súa, entre os milleiros de varas que aquel día se venderan. O mozote, bastante maior que o meu irmán, tiro u o forestal trofeo sobre a beirarrúa e saíu pitando...

Quen viu o lance prognosticou un porvir brillante para Pepín, e un señor con barba, deputado a cortes por Becerreá, dixo que iso da vara podía ser un símbolo, e que acaso o meu irmán chegase a ser alcalde tan limpo e principal como don Ángel López Pérez.

A verdade: o meu irmán non fixo carreira política, anque a punto estivo de ser concelleiro despois da guerra. Pero non ten un pelo de parvo. Eu, que non fun quen para o comercio e quedei en escritor de historias, digo que o meu irmán non ten un pelo de parvo. Agora anda viaxando as pilas de lanterna pola parte de Ourense; e vive como Dios.

Antonio Pereira

